

ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN PARA SELECCIONAR UN TÉCNICO DA FCEER CON CARGO AO PROXECTO “ESTRATEGIA DE COOPERACIÓN INTELIGENTE RÍO MIÑO TRANSFRONTERIZO (SMART_MIÑO)” COFINANCIADO POLO PROGRAMA INTERREG VA ESPAÑA PORTUGAL (POCTEP) A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) DA UE

O día 24 de Xullo ás 14:30 horas de Portugal reuniuse na Universidade do Minho, Campus de Gualtar en Braga a Comisión de selección designada pola FCEER entre os membros do seu Consello de Dirección, e composta por D^a. Carla Martíns, Vicerreitora da Universidade do Minho, Jose A. Rio Fernandes, Secretario Xeral da FCEER e Catedrático da Universidade do Porto, e Rubén C. Lois González, Director da FCEER e Catedrático da Universidade de Santiago de Compostela.

Na súa constitución a Comisión acordou establecer os seguintes acordos de ponderación:

- 1.- En primeiro lugar, dado o elevado número de candidatos, un total de 35, seleccionar un número reducido dos mesmos, nunca máis de 8, para pasar á fase da entrevista personalizada
- 2.- Ponderar de xeito independente os méritos de formación académica, seguindo os criterios habitualmente empregados na universidade portuguesa, con relación a estudos de Ciencias Sociais e Xurídicas. Isto é ponderar licenciatura/graduación, mestrado, inscrición na fase de doutoramento e tese. E considerando outras titulacións complementarias.
- 3.- Baremar conxuntamente os apartados 2 e 3 do capítulo de formación, aqueles que se refiren a cursos, congresos, seminarios e outros relacionados con asuntos europeos, e os que inclúen experiencia en novas estratexias urbanas, mobilidade, transportes, e cooperación e planificación cultural. Tomouse esta decisión ante as dificultades prácticas de distinguir nalgúns casos a ponderación nun e noutro apartado, e cun total de até 20 puntos (a suma dos dous subapartados)
- 4.- Puntuar os contratos de traballo relacionados co programa, promediando a súa duración e cualidade entre 20 e 0 puntos.

Unha vez efectuada a baremación, observouse que 7 candidatos acadaban unha puntuación igual ou superior a 35 puntos, outros 7 entre 25 e 35, e os 21 restantes


menos de 25. En consecuencia, decidiuse que os 7 primeiros pasen á fase de entrevista, seguindo esta orde de puntuación:

- Ángel Miramontes..... 54 puntos
- Duarte F. Vidal..... 43 “
- Leticia Sotoca..... 43 “
- Alfonso Huertos..... 42 “
- Estefanía Calo..... 37 “
- Roberto Pardal..... 35 “
- Fernando Dubra..... 35 “

Estes sete candidatos serán convocados, por orde alfabética, para unha entrevista diante dos membros da Comisión o día 30 de Agosto de 2017, no Campus de Gualtar, CP2 (Edificio da Reitoría) - 2º Piso, 4710-057 Braga, a partir das 14:30 horas portuguesas.

O que se comunica aos efectos oportunos

Braga 24 de Xullo de 2017



O Director da FCEEER
Rubén C. Lois González